

POSESIVOS

O paradigma dos pronomes posesivos presenta en galego moderno unha única serie:

PERSONA		SINGULAR		PLURAL	
		MASC.	FEM.	MASC.	FEM.
SING.	1ª	meu	miña	meus	miñas
	2ª	teu	túa	teus	túas
	3ª	seu	súa	seus	súas
PL.	1ª	noso	nosa	nosos	nosas
	2ª	voso	vosa	vosos	vosas
	3ª	seu	súa	seus	súas

Existe tamén un posesivo de respecto, **mi**, que é unha forma átona fosilizada que se conserva en expresións do tipo **mi madre**, **mi padre**, **mi madriña**..., empregadas como fórmulas de respecto e como admiracións ou exclamacións.

USOS E VALORES ESPECIAIS:

- As formas do posesivo, en masculino e singular, precedidas da preposición **de** adquiren os valores de pertenza exclusiva ou calidade inherente.
Non ocorre nada especial, invítanos porque é xeneroso de seu.
Temos tres casas de noso. (da nosa propiedade)
Sempre fuches orgulloso de teu (por natureza).
- Algunhas construcións do tipo DE + Pronome Persoal son substituíbles polo posesivo feminino.
Viñeron atrás nosa (de nós) *todo o tempo.*
Pasaron por enriba túa (de ti) *coma se tal cousa.*
Pasou por diante miña (de min), *hai un pouco.*
- Cando se usa con numerais equivalen a unha expresión aproximativa.
Parece novo, pero xa debe ter os seus sesenta anos.
Aínda lle quedarán os seus dez minutos.
- Con sentido distributivo existen as formas **cadanseu(s)**, **cadansúa(s)**, que non presentan variación de forma en relación coa categoría de persoa. Acompaña ao obxecto ou obxectos que son distribuídos entre varios posuidores.
Déronnos (a) cadanseu libro.
Compraron (a) cadanseus zapatos.
Todos, con cadansúa teima, viñeron onda min.

EXERCICIOS

- Completa os enunciados utilizando: artigo, posesivo ou artigo + posesivo segundo creas oportuno.
 - María lavoupelo.
 - Esta é casa.
 - Deixeichaqueta en coche.
 - Entroume area en ollos.
 -irmá é máis nova ca min.
 -casiña,lar.
 - Teño pernas inchadas de andar.
 - Son seis nenos, cada un de pai.
 - Mancouse en man.
 - Vai encasa.

2. Transforma o xiro de + pronome persoal nun posesivo cando sexa posible:

- a) A oficina del.
- b) A casa de nós.
- c) Os lapis delas.
- d) Diante de vostede.
- e) Os empregados del.
- f) A nai de vós.
- g) As vacacións de min.
- h) O autobús de vostedes.
- i) Os xoguetes de ti e de min.
- j) A moza de ti.

3. Pon o artigo diante do posesivo só cando sexa obrigatorio:

- a) Enganáronte ben, meu parviño.
- b) miña idea era esperarte á saída.
- c) Xoán é meu amigo.
- d) Xoán é meu irmán.
- e) Todos os discos teus están en meu cuarto.
- f) Aí está o coche de teu pai.
- g) Cada neno trouxo súa mochila.
- h) Dime qué me queres, meu corazón.
- i) meus queridos contertulios, voume que me son horas.
- j) FálallesSúa Excelencia o Xefe do Estado.

4. Transforma introducindo as formas dos posesivos distributivos segundo o modelo:

Deulle a cada rapaz un caramelo *Aos rapaces deulles cadanseu caramelo*

- a) Regalou a cada sobriña un libro.....
- b) Agasalláronme cada un cun regaliño.....
- c) Pagoulles a todos as súas consumicións.....
- d) Merqueilles a cada afillada unha cadea de ouro.....
- e) Cada ciclista trouxo a súa bicicleta.....
- f) Tiña cada unha a súa fita no cabelo.....

5. Transforma segundo o modelo:

Viven debaixo de nós *Viven debaixo nosa*

- a) Veñen detrás de min.....
- b) Quen se senta detrás de ti?.....
- c) Freou o autobús e caín enriba de vostede.....
- d) Ponte ao lado dela
- e) A zona protexida está todo arredor de vós.....
- f) A carón de onde estades vós hai un sitio libre.....
- g) Saia de enriba de min, faga o favor.....
- h) Non te poñas tan lonxe de nós.....
- i) Fíxoo a favor dela.....

6. Localiza e corrixe os erros de uso do posesivo nos seguintes modelos:

- a) A policía viña detrás meu.
- b) O peor voso é a cobiza.
- c) Todos meus amigos están aquí.
- d) O meu primo faloume do caso.
- e) Esta casa é de miña.
- f) A moza esperaba a seu noivo.
- g) Coñezo certos amigos de teu.
- h) Rematou seu traballo e foise para súa casa.
- i) Lavei as miñas mans en auga fría.
- j) Merqueilles un reloxo a cadanseu sobriño.
- k) Cadanseus mozos traen as súas mozas.
- l) As mozas traen cadanseu mozo.
- m) Mancouse no seu ollo esquerdo